Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Palas de Rei, no Plan Deputación 2024.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Palas de Rei e incluír no Plan Deputación 2024, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSTIMENTO
PALAS DE REI	REM	SUBMINISTRO DE FORMIGÓN EN OBRA PARA A REHABILITACIÓN DO FIRME EN CARBALLEDO	1531.76201	135,15	1.488,79€	1.623,94€

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	16/73





2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS RELATIVAS Á TRAMITACIÓN DE CONVENIOS CON ENTIDADES E CONCELLOS.

1º.- *Proposta de aprobación do Convenio entre a Deputación Provincial de Lugo e a entidade El Progreso S.L. para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Impulso do Campus Terra”. Ano 2025.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Visto o escrito remitido dende a entidade El Progreso S.L (EXP-2025/PES_03/007542) no que se solicita a formalización dun convenio para colaborar nos gastos derivados da execución da actuación “Impulso Campus Terra” dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial (...)” e no mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG.

Segunda.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	17/73



mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común. Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: (...) C) Convenios asinados entre unha Administración Pública ou organismo ou entidade de dereito público e un suxeito de dereito privado (...)”.

Segunda.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Terceira.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que deberán incluír, polo menos:

- a) Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.
- c) O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade dos resultados obtidos.

d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento correspondente de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	18/73





- e) Consecuencias aplicables no caso de incumplimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible indemnización por incumplimento
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación do convenio.
- h) Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta as seguinte regras:
1º. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

Cuarta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

- “1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
- 2. O seu impacto económico cuantificado.
- 3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
- 4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei.”

Quinta.- O presente convenio ten natureza administrativa e queda excluído do ámbito da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, xa que non ten cabida na tipoloxía de contratos recollidos na citada normativa.

Non se considera un contrato de servizos dado que a actuación non a organiza a Deputación e non se presta un servizo á Institución. Se trata dunha colaboración solicitada pola entidade El Progreso S.L.

Do contido do borrador do convenio despréndese que non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, dado que o beneficiario non é a entidade El Progreso S.L. senón o Campus Terra..

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto, efectúanse as seguintes conclusións:

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	19/73



Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de colaboración que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA.

Segunda.- El Progreso de Lugo SL radica na cidade de Lugo e é un diario que fai especial fincapé no que acontece na provincia de Lugo. Pon de manifesto o seu compromiso coa provincia.

Terceira.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público.

Cuarta.- Non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Quinta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 50.000,00 € na aplicación orzamentaria 3261.47900 do vixente orzamento xeral.

Sexta.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público“.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o Convenio entre a Deputación Provincial de Lugo e a entidade el progreso s.l para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Impulso do Campus Terra”. Ano 2025 por importe total de 62.540,00 € cuxo contido é o seguinte:

Convenio entre a Deputación Provincial de Lugo e a entidade El Progreso S.L. para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Impulso do Campus Terra”. Ano 2025.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-27000001 e sede social na rúa San Marcos 8, CP27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra parte, dona Blanca de Cora García-Montenegro, Conselleira Delegada da entidade El Progreso de Lugo SL, con NIF B27000637 e sede social na Rúa Ribadeo, 5, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade.

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY		Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY		Página	20/73	



Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial” e no mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo).

Segundo.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Terceiro.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“1. Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

(...)

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público.

2. Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

(...)

c) Convenios asinado entre unha Administración Pública ou organismo ou entidade de dereito público e un suxeito de Dereito privado.

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	21/73



En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente convenio de colaboración, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e a entidade El Progreso S.L, en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

ACTUACIÓN: IMPULSO DO CAMPUS TERRA	CUSTE TOTAL
Cobertura xornalistas/Fotografía	6.890,00 €
Edición en papel prensa "El Progreso"	4.750,00 €
Difusión no dixital "www.elprogreso.es"	2.950,00 €
Axudas e custos desprazamento	2.300,00 €
Deseño, fotomecánica e pranchas	3.150,00 €
Custo papel	7.290,00 €
Medios audiovisuais/ servizos técnicos	5.500,00 €
Outros gastos (distribución)	3.950,00 €
Publicidade e marketing (campana publicitaria papel)	20.900,00 €
Publicidade e marketing (campana publicitaria dixita)	4.860,00 €
CUSTE TOTAL	62.540,00 €

No suposto de que se produzan alteracións respecto a cada un dos gastos previstos poderán compensarse entre si os distintos importes sempre que tódalas actuacións relacionadas se atopen executadas e pagadas.

Para acadar este obxectivo compartido ambas entidades comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA EL PROGRESO SL
50.000,00 €	12.540,00 €
TOTAL: 62.540,00€	

As achegas económicas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta. Ambas entidades comprométense a realizar as tramitacións que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a colaboración requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actuación obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Lugo.

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	22/73





Terceira.- Fin común.

Coa formalización do presente convenio pretendese potenciar o Campus de Lugo.

Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.

4.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio de colaboración, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.

2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir proporcionalmente as achegas das partes.

4.2. El Progreso S.L.

En cumprimento do presente convenio de colaboración, El Progreso S.L. comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido

2. O prazo de execución das actuacións obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2025.

3. Encargarse das tramitacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.

4. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.

5. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.

6. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial segundo o establecido na cláusula décimo primeira.

7. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.

8. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de colaboración, o seu obxecto e fin.

9. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Quinta.- Réxime económico.

B) Achegas.

1.- Achega da Deputación.

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY		Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY		Página	23/73	

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 50.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 3261.47900 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

2.- Achega da entidade El Progreso S.L.

El Progreso S.L efectuará unha achega de 12.540,00 € e financiará o importe que reste e sexa necesario para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

1. Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da colaboración será titularidade pública xa que é unha transmisión de información e de coñecemento á poboación en xeral.

2. Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende a entidade El Progreso. se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 31 de marzo de 2026. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables á entidade El Progreso S.L a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo da actuación obxecto deste convenio, que conterá:

Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento, a descrición do gasto e a imputación á axuda da Deputación

Declaración responsable emitida pola representante da entidade El Progreso de Lugo SL na que se faga constar o seguinte:

- a) O custo total da actuación desenvolta, indicando os importes do financiamento.
- b) Que a actuación foi realizada na súa totalidade dando cumprimento ás condicións estipuladas neste convenio.
- c) Que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo
- d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de colaboración, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de colaboración.

e) Que a entidade non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

f) Que se fixo constar a colaboración da Deputación Provincial de Lugo en tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actuación obxecto deste convenio.

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	24/73





Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos, achegándoas, como mínimo, polo importe da axuda concedida e xustificante de pago das mesmas.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Sexta.- Vixencia do convenio administrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2027 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026 respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sétima.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Oitava.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	25/73



O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.

Novena.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituírse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décima.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

A entidade El Progreso S.L incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo nos soportes que aludan ou informen da actuación obxecto do convenio. para o que poderá solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial. De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, a entidade deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas entidades autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actuación que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

Décimo primeira.- Protección de datos.

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	26/73





O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

Décimo segunda.- Carácter do convenio de colaboración.

O presente convenio ten natureza administrativa e queda excluído do ámbito da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, xa que non ten cabida na tipoloxía de contratos recollidos na citada normativa.

Non se considera un contrato de servizos dado que a actuación non a organiza a Deputación e non se presta un servizo á Institución. Se trata dunha colaboración solicitada pola entidade El Progreso S.L.

Do contido do borrador do convenio despréndese que non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, dado que o beneficiario non é a entidade El Progreso S.L. senón o Campus Terra.

As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe.”

2º.- A aprobación do gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 50.000,00 € para o financiamento dos fins e actuación contemplada no convenio, con cargo á aplicación orzamentaria 3261.47900 do vixente orzamento xeral do 2024.”

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	27/73



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2º.- Proposta relativa á modificación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Fonsagrada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reparación e mellora de accesos en O Vieiro (fase 1); mellora na capa de rodadura de viais no barrio de Fondo de Vila, parroquia de Maderne; mellora de abastecemento no núcleo de Louxas; mellora de abastecemento no núcleo de río de Bangos” no Concello da Fonsagrada ano 2024.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“En relación ao asunto de referencia (Exp 2025/PES_03/009869) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe,

Antecedentes de feito.

Primeiro.- A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2024, acordou aprobar a seguinte proposta:

“Primeiro.- Aprobar o texto do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Fonsagrada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reparación e mellora de accesos en O Vieiro (fase 1); mellora na capa de rodadura de viais no barrio de fondo de vila, parroquia de Maderne; mellora de abastecemento no núcleo de Louxas; mellora de abastecemento no núcleo de río de Bangos” no Concello da Fonsagrada ano 2024 por importe total de 118.469,41 € cuxo contido é o seguinte: (...)

Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 115.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.”

Segundo.- O Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello da Fonsagrada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reparación e mellora de accesos en O Vieiro (Fase 1); Mellora da capa de rodadura de viais no barrio de Fondo de Vila, parroquia de Maderne; Mellora de abastecemento no núcleo de Louxas; Mellora de abastecemento no núcleo de Río de Bangos” no Concello da Fonsagrada, ano 2024, formalizouse o 22 de novembro de 2024.

Terceiro.- O representante do Concello de A Fonsagrada remitiu, o 16 de maio de 2025, escrito no que literalmente se establece o seguinte:

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	28/73





“Visto o Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello da Fonsagrada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reparación e mellora de accesos en O Vieiro (Fase 1); Mellora da capa de rodadura de viais no barrio de Fondo de Vila, parroquia de Maderne; Mellora de abastecemento no núcleo de Louxas; Mellora de abastecemento no núcleo de Río de Bangos” no Concello da Fonsagrada, ano 2024, aprobado por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo de data 15 de novembro de 2024.

Vista a cláusula oitava do dito Convenio que indica que a modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial e sempre e cando dito convenio esté vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015 do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

Visto que o Convenio inclúe catro actuacións distintas e independentes:

Reparación e Mellora de accesos en O Vieiro (Fase 1);

Mellora da capa de rodadura de viais no barrio de Fondo de Vila, parroquia de Maderne;

Mellora de abastecemento no núcleo de Louxas;

Mellora de abastecemento no núcleo de Río de Bangos

Visto que ao tratarse de actuacións distintas e independentes entre sí resulta máis sinxelo e eficaz a realización de xustificacións parciais independentes para cada unha das obras.

Visto que esta modificación non afecta as condicións esenciais do Convenio.

En base ao anteriormente exposto

Solicito:

A modificación do Convenio de forma que se permita presentar contas xustificativas parciais para cada unha das catro actuacións incluídas no Convenio.”

Consideracións xurídico- administrativas.

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2024.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2026 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	29/73



decembro de 2025, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.”

Na cláusula Oitava.- Modificación.

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

Segunda.- En canto ao órgano competente para aprobar a modificación do convenio é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou a súa concesión.

Conclusiones.

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

O convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo.

Media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común).

Que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros, e que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento infórmase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a modificación do convenio solicita polo alcalde do concello de A Fonsagrada nos termos da addenda do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia.”

E tendo en conta que consta informe favorable de Intervención, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello da Fonsagrada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reparación e mellora de accesos en O Vieiro (Fase 1); Mellora da capa de rodadura de viais no barrio de Fondo de Vila, parroquia de Maderne; Mellora de abastecemento no núcleo de Louxas; Mellora de abastecemento no núcleo de Río de Bangos” no Concello da Fonsagrada, ano 2024, formalizado o 22 de novembro de 2024 nos termos da addenda que quedará redactada nos seguinte senso.

Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello da Fonsagrada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reparación e mellora de accesos en O Vieiro (fase 1); mellora da capa de rodadura de viais no barrio de Fondo de Vila, parroquia de Maderne; mellora de abastecemento no núcleo de Louxas; mellora de abastecemento no núcleo de río de Bangos” no Concello da Fonsagrada, ano 2024.

Reunidos.

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY		Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY		Página	30/73	



Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-27000001 e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Engade que no ano 2024 tanto as deputacións provinciais como o INORDE xa someteron aos seus órganos de goberno respectivos as condicións de saída do accionariado de XESTUR S.A, de conformidade co que resultaba do balance de escisión parcial de XESTUR S.A. No obstante, como a Deputación de A Coruña non completou os trámites ata os últimos días do mes de decembro non foi posible completar os trámites administrativos para a autorización da operación por parte do Consello da Xunta dentro da anualidade 2024, por este motivo e dado que xa se levou a cabo a escisión de XESTUR, en Xunta Xeral do 18 de novembro de 2024, coa creación da nova sociedade de vivienda VIPUGAL é preciso actualizar as cantidades a devolver aos socios saíntes en pago as súas aportacións, á vista do que resulte do balance a 31 de decembro das contas anuais de XESTUR S.A, do exercicio 2024.

Na comunicación indica que ditas cantidades son as mesmas que xa aprobaron sos seus Plenos as Deputacións e o INORDE no ano 2024, no importe global, pero agora unha parte procede de XESTUR e a outra de VIPUGAL non alterándose a contía global a devolver a cada Diputación polo seu capital social.

A súa vez, no mesmo Consello de Administración do 27 de marzo acordouse convocar a Xunta Xeral Ordinaria de Accionistas para o día 20 de xuño de 2025 incluíndo no orde do día o seguinte asunto:

“autorización, se procedera, dunha redución do capital social con devolución de aportacións a determinados socios, co fin de posibilitar a saída do accionariado da sociedade das Diputacións Provinciais de A Coruña, Lugo e Pontevedra e do INORDE e a modificación, se procedera dos artigos 6 e 7 dos Estatutos Sociais.

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	45/73



Asemade na orde do día da devandita Xunta Xeral figura como primeiro punto a aprobación das contas anuais da sociedade, correspondente á anualidade 2024.

En relación coa posible saída das Deputacións provinciais e do INORDE do capital social de XESTUR S.A, referida anteriormente, a información relevante a ter en conta é a seguinte:

O resumo do balance de XESTUR S.A, a 31 de decembro de 2024, segundo as contas formuladas polo Consello de Administración e que serán sometidas a súa aprobación na Xunta Xeral Ordinaria a celebrar o día 20 de xuño de 2025, coas partidas relevantes en relación co acordo proposto, é o seguinte:

BALANCE XESTUR (31/12/2024)			
ACTIVO		PASIVO	
A) ACTIVO NON CORRENTE	11.651.043,08	A) PATRIMONIO NETO	136.299.158,93
A.I. Inmovilizado intanxible	8.611,16	A.I. Capital escriturado	134.327.578,82
A.II. Inmovilizado material	281.513,57	A.III. Reservas	2.173.875,04
A.III. Inversións inmobiliarias	11.245.578,40	A.VII. Resultado exercicio -	202.294,93
A. Resto de activo non corrente	115.339,95		
B) ACTIVO CORRENTE	132.581.472,00	B) PASIVO NON CORRENTE	1.389.857,86
B.II. Existencias	91.567.137,49		
B.VII. Tesourería	38.424.861,71	C) PASIVO CORRENTE	6.543.498,29
B. Resto de activo corrente	2.589.472,80		
TOTAL ACTIVO	144.232.515,08	TOTAL PASIVO	144.232.515,08

O patrimonio neto de XESTUR S.A a ter en conta en relación co acordo proposto é o seguinte:

A) PATRIMONIO NETO	136.299.158,93
A.I. Capital escriturado	134.327.578,82
A.III. Reservas	2.173.875,04
A.VII. Resultado exercicio -	202.294,93

O valor nominal e a distribución de capital de XESTUR S.A actualmente é:

Accionistas	Capital social	Nº accións	Valor nominal	Porcentaxe
IGVS	69.218.032,52	62.892	1.100,585647	51,53%
Consellería de Facenda	63.526.904,14	57.721	1.100,585647	47,29%
Deputación Provincial de A Coruña	839.746,85	763	1.100,585647	0,63%
Deputación Provincial de Lugo	460.044,80	418	1.100,585647	0,34%
INORDE (Deputación de Ourense)	211.312,44	192	1.100,585647	0,16%
Deputación Provincial de Pontevedra	71.538,07	65	1.100,585647	0,05%
TOTAL	134.327.578,82	122.051		100,00%

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	46/73





O importe a restituir aos socios se calcula en función do valor nominal das accións, sendo os importes correspondentes a cada socio os seguintes:

Accionistas	Capital social a restituir	Nº accións	Valor nominal	Porcentaxe
Deputación Provincial de A Coruña	839.746,85	763	1.100,585647	0,63%
Deputación Provincial de Lugo	460.044,80	418	1.100,585647	0,34%
INORDE (Deputación de Ourense)	211.312,44	192	1.100,585647	0,16%
Deputación Provincial de Pontevedra	71.538,07	65	1.100,585647	0,05%
TOTAL	1.582.642,16	1.438		1,18%

Polo tanto, se propón levar a cabo unha redución de capital de XESTUR S.A. na contía de 1.582.642,16 €.

Dita redución de capital se levará a cabo mediante a amortización das accións que corresponden a cada socio, coa súa referencia numérica, que quedarán anuladas:

... Deputación de Lugo:418 accións, numeradas da 18.139 a 18.556,

2. Visto o escrito recibido, en data de 19 de maio de 2025, remitido pola Sociedade de Vivenda Pública de Galicia S.A (VIPUGAL) mediante o que comunica á Deputación Provincial de Lugo as condicións nas que podería ter lugar a súa saída do accionariado de VIPUGAL aos efectos de que se poidan iniciar e completar os trámites internos para posibilitar a adopción deste acordo, de selo caso, na Xunta Xeral Ordinaria de VIPUGAL prevista para o día 20 de xuño de 2025.

O Consello de Administración de VIPUGAL, na súa sesión de 27 de marzo de 2025 adoptou, entre outros, o acordo que se transcribe, en extracto, a continuación:

“Iniciar os procedementos para a saída do accionariado de VIPUGAL das Deputacións provinciais e do INORDE, mediante redución de capital con devolución de aportacións aos socios saíntes.

Facultar, indistintamente á Presidenta, Vicepresidente e Xerente da sociedade, para comunicar ás Deputacións de A Coruña, Lugo e Pontevedra, e ao INORDE, as cantidades actualizadas que corresponderían a cada un dos socios citados, como consecuencia da redución de capital con devolución de aportacións aos socios saíntes en pago da súa participación en VIPUGAL, de conformidade co que resulta do balance das Contas Anuais de 2024, formuladas por este Consello. Asemade, quedarán facultados para efectuar os trámites necesarios para obter a autorización do Consello da Xunta de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 105.2 da Lei 16/2010, de

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	47/73



Organización e Funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público de Galicia.”

Este acordo ten como antecedentes, en liña coas explicacións ofrecidas en anteriores Xuntas Xerais e Consellos de Administración de VIPUGAL, os procedementos, xa iniciados con anterioridade, para a saída das Deputacións provinciais e do INORDE do accionariado de VIPUGAL, mediante redución de capital con devolución de aportacións aos socios saíntes, estando pendentes de completar os referidos procedementos.

No ano 2024, tanto as Deputacións provinciais como o INORDE xa someteron aos seus órganos de goberno respectivos as condicións de saída do accionariado, tanto de VIPUGAL como de XESTUR, S.A., de conformidade co que resultaba do balance de escisión parcial de XESTUR, S.A., que deu lugar a constitución de VIPUGAL.

Non obstante, debido a diversas incidencias non foi posible completar os trámites administrativos para a autorización da operación por parte do Consello da Xunta de Galicia dentro da anualidade 2024. Por este motivo, é preciso actualizar as cantidades a devolver aos socios saíntes en pago das súas aportacións, á vista do que resulte do balance a 31 de decembro das contas anuais de VIPUGAL do exercicio 2024.

Unha vez formuladas as contas anuais do exercicio 2024, formulación realizada na reunión do Consello de Administración de VIPUGAL celebrado o pasado 27 de marzo, resulta necesario actualizar as cantidades que corresponden a cada un dos posibles socios saíntes, e proceder a súa comunicación aos mesmos, ao fin de que as sometan, se procedera, á autorización dos seus órganos de Goberno.

A súa vez, no mesmo Consello de Administración do 27 de marzo acordouse convocar a Xunta Xeral Ordinaria de Accionistas de VIPUGAL para o día 20 de xuño de 2025, incluíndo na orde do día, entre outros, o seguinte asunto:

“2º.Aprobación, se procedera, da saída do accionariado das Deputacións provincias e do INORDE, mediante redución de capital con devolución de aportacións aos socios saíntes. Modificación dos artigos 6 e 7 dos estatutos sociais para a súa adaptación a esta redución de capital.”

Asemade, na orde do día da devandita Xunta Xeral figura como primeiro punto a aprobación das Contas Anuais da sociedade, correspondentes á anualidade 2024.

En relación coa posible saída das Deputacións provinciais e do INORDE do capital social de VIPUGAL, referida anteriormente, a información relevante a ter en conta é a seguinte:

O Resumo do Balance de VIPUGAL a 31 de decembro de 2024, segundo as contas formuladas polo Consello de Administración e que serán sometidas á súa aprobación

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	48/73





na Xunta Xeral Ordinaria a celebrar o día 20 de xuño de 2025, coas partidas relevantes en relación co acordo proposto, é o seguinte:

BALANCE VIPUGAL (31/12/2024)

ACTIVO		PASIVO	
A) ACTIVO NON CORRENTE	11.822.362,95	A) PATRIMONIO NETO	111.346.387,53
A.I Inmobilizado intanxible	10.875,31	A.I Capital escriturado	108.928.649,76
A.II Inmobilizado material	359.425,34	A.II Prima de emisión	968.618,84
A.III Inversións inmobiliarias	11.398.081,60	A.III Reservas	776.922,21
A. Resto activo non corrente	53.980,70	A.VII Resultados exercicio	-486.503,97
		A.-3 Subvencións	1.158.700,69
B) ACTIVO CORRENTE	102.385.765,50	B) PASIVO NON CORRENTE	412.294,89
B.II Existencias	47.325.073,05		
B.VII Tesourería	19.989.498,06	C) PASIVO CORRENTE	2.449.446,03
B. Resto activo corrente	35.071.194,39		
TOTAL ACTIVO	114.208.128,45	TOTAL PASIVO	114.208.128,45

O patrimonio neto de VIPUGAL a ter en contar en relación co acordo proposto é o seguinte:

A) PATRIMONIO NETO	111.346.387,53
A.I Capital escriturado	108.928.649,76
A.II Prima de emisión	968.618,84
A.III Reservas	776.922,21
A.VII Resultados exercicio	-486.503,97
A.-3 Subvencións	1.158.700,69

A diferencia (positiva) entre o capital escriturado e o patrimonio neto atópase nas partidas “Prima de emisión”, “Reservas”, e “Subvencions”. Tendo en conta que esta última atópase vinculada á titularidade de determinados activos, que a prima de emisión aportouse por a Xunta de Galicia por razón da existencia das subvencións, e que a cifra de reservas quedaría reducida a causa dos resultados negativos do exercicio; e tendo en conta, asemade, que no momento en que a operación foi deseñada considerouse un criterio razoable entre todos os socios que el valor de cada acción na redución de capital fose equivalente a su valor nominal, enténdese oportuno manter, tidas en conta todo o anterior, o referido criterio.

O valor nominal e a distribución de capital de VIPUGAL actualmente é

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	49/73



	Número Accións	Valor Nominal	Capital Social	%
INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (IGVS)	91.809	613,658333 €	56.339.357,92 €	51,7213%
CONSELLERÍA DE FACENDA	84.260	613,658333 €	51.706.851,16 €	47,4686%
DEPUTACIÓN DE A CORUÑA	763	613,658333 €	468.221,31 €	0,4298%
DEPUTACIÓN DE LUGO	418	613,658333 €	256.509,18 €	0,2355%
INORDE (DEPUTACIÓN DE OURENSE)	192	613,658333 €	117.822,40 €	0,1082%
DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	65	613,658333 €	39.887,79 €	0,0366%
	177.507		108.928.649,76 €	100,0000%

O importe da redución de capital ven determinado por o valor nominal das accións titularidade de cada un dos socios saíntes, polo tanto, se propón leva a cabo una redución de capital de VIPUGAL na contía de 882.440,68 euros:

	Número Accións	Valor Nominal	Importe Participación a Restituír	%
DEPUTACIÓN DE A CORUÑA	763	613,658333 €	468.221,31 €	0,4298%
DEPUTACIÓN DE LUGO	418	613,658333 €	256.509,18 €	0,2355%
INORDE (DEPUTACIÓN DE OURENSE)	192	613,658333 €	117.822,40 €	0,1082%
DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	65	613,658333 €	39.887,79 €	0,0366%
	1.438		882.440,68 €	100,00%

Dita redución de capital se levará a cabo mediante a amortización das accións que corresponden a cada socio, coa súa referencia numérica, que quedarán anuladas.

...Deputación Lugo: 418 accións, numeradas da 121.377 a 121.794

Emítese o seguinte informe:

Antecedentes.

Primeiro.- Na Xunta Xeral de accionistas da sociedade Xestión do Solo de Galicia XESTUR, S.A., celebrada na data 11 de xuño de 2024, deuse conta da próxima reestruturación da sociedade, como consecuencia da nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia, aprobada polo Decreto 49/2024 de 22 de abril, na que as competencias de solo empresarial se adscriben á Consellería de Economía e Industria, quen pasa a asumir a tutela funcional de XESTUR, S. A., pasando as competencias de vivenda e solo residencial á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, o que fai necesario, á súa vez, separar o patrimonio e actividades ata o de agora desenvolvidas de forma conxunta por XESTUR, S.A.

Segundo - No contexto anteriormente descrito de reestruturación da sociedade XESTUR, S.A., na referida Xunta Xeral de accionistas de data 11 de xuño de 2024, valorouse a posible saída do accionariado das Deputacións Provinciais de A Coruña, Pontevedra e Lugo e do O.A. INORDE, dependente da Deputación de Ourense, todo elo por razóns de operatividade e dada a escasa participación destes organismos no capital social da sociedade.

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	50/73





Terceiro - Consonte ao anterior, en data 14 de xuño de 2024, o Consello de Administración da sociedade XESTUR, S.A., adoptou, por unanimidade, o acordo consistente en comunicar ás Deputacións Provinciais de A Coruña, Pontevedra e Lugo e ao O. A. INORDE, dependente da Deputación de Ourense, as condicións nas que podería ter lugar a súa saída do accionariado de XESTUR, S.A., si estas o consideraban do seu interese, e aos efectos de que poideran iniciar e completar os trámites internos necesarios para adoptar os acordos procedentes. A operación proposta polo Consello de Administración de XESTUR, S.A. para instrumentar a saída das Deputacións Provinciais e do INORDE do accionariado de XESTUR, S.A era dunha redución de capital nunha contía equivalente ao importe da participación dos referidos Organismos no capital social de XESTUR, S.A., con devolución de aportacións aos socios saíntes na contía de participación que corresponde a cada un en función do valor nominal das súas accións que, trala redución de capital para compensar perdas aprobada na Xunta Xeral de XESTUR, S.A. celebrada o 27 de xuño do 2024, é o que se recolle a continuación:

	Número Accións	Valor Nominal	Importe Participación
DEPUTACIÓN DE A CORUÑA	763	1.714,243980 €	1.307.968,16 €
DEPUTACIÓN DE LUGO	418	1.714,243980 €	716.553,98 €
INORDE (DEPUTACIÓN DE OURENSE)	192	1.714,243980 €	329.134,84 €
DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	65	1.714,243980 €	111.425,86 €
	1.438		2.465.082,84 €

Cuarto.- En data 27 de xuño do 2024 Xestur, S.A. remite comunicación á Deputación Provincial de Lugo na que se indica que se está a tramitar unha operación de escisión parcial de XESTUR, S.A. mediante a creación dunha nova sociedade, á que se traspasaría a actividade de vivenda e solo residencial. Si esta operación de escisión parcial se finaliza antes da operación de saída das Deputacións e do INORDE do accionariado de XESTUR, S.A., esta saída tería lugar non só do accionariado de XESTUR, S.A., senón tamén da nova sociedade beneficiaria da escisión, segundo os tempos en que teñan lugar as operacións antes referidas. Agora ben, en ambos casos, o capital a devolver as Deputacións pola súa saída sería o do seu valor nominal.

Quinto.- Á vista do comunicado e dos acordos adoptados por XESTUR, o Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria, de data de 31 de xullo de 2024 acordou:

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	51/73



“1º. Aprobar a saída da Deputación Provincial de Lugo do accionariado de Xestión do Solo de Galicia- XESTUR S.A, nas condicións aprobadas polo seu Consello de Administración de data 14 de xuño de 2024.

TITULAR	NÚM. DE ACCIÓNS	VALOR NOMINAL	CAPITAL SOCIAL	% PARTICIPACIÓN
DEPUTACIÓN PROV. DE LUGO	418 (numeradas da 18139 á 18556)	1.714,243980 €	716.553,98€	0,34

As condicións da saída do capital social serían as seguintes:

Accións a amortizar: 418 (numeradas da18139 á 18556)
Valor nominal de cada acción: mil setecentos catorce euros con vinte e catro céntimos (1.714,24 €).
Valor total: setecentos dezaseis mil cincocentos cincuenta e tres euros con noventa e oito céntimos (716.553,98 €)
Forma de pagamento: Mediante transferencia bancaria á CC desta Deputación número ES04 2080 0163 8531 1000 0423.

2º.- Este acordo terá eficacia tanto no relativo á saída do accionariado da sociedade Xestión do Solo de Galicia- XESTUR S.A como, no caso que que se produza unha escisión parcial desta Sociedad e se constitúa unha nova Sociedad. En todo caso a Sociedad que, no seu caso, se constitúa terá que abonar á Deputación Provincial de Lugo as cantidades referidas no punto anterior.

3º. Trasladar o presente acordo ao consello de Administración da sociedade Xestión do Solo de Galicia- XESTUR S.A. aos efectos oportunos”

Consideracións xurídicas.

Primeira.- As proposta feita por XESTUR, S.A. e VIPUGAL consiste, tal como xa se indicou no ano 2024, na redución do capital social nunha contía equivalente ao importe da participación das Deputacións Provinciais de A Coruña, Pontevedra e Lugo e ao O. A. INORDE, dependente da Deputación de Ourense, con devolución de aportacións aos socios saíntes, na contía de participación que corresponde a cada un en función do valor nominal das súas accións, pero, ao non poderse completar os trámites administrativos para a autorización da operación por parte do Consello da Xunta na anualidade 2024 e dado que xa se levou a cabo a escisión de XESTUR, na Xunta Xeral do 18 de novembro de 2024, coa creación da nova sociedade de vivienda VIPUGAL é preciso actualizar as cantidades a devolver aos socios saíntes en pago das súas aportacións, á vista do que resulte do balance a 31 de decembro das contas anuais de XESTUR S.A e VIPUGAL do ano 2024.

Segunda- Dita previsión de escisións xa xe recolleu no acordo do Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria, de data de 31 de xullo de 2024:
“Este acordo terá eficacia tanto no relativo á saída do accionariado da sociedade Xestión do Solo de Galicia – XESTUR S.A como, no caso que que se produza unha

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	52/73



escisión parcial desta Sociedad e se constitúa unha nova Sociedade. En todo caso a Sociedade que, no seu caso, se constitúa terá que abonar á Deputación Provincial de Lugo as cantidades referidas no punto anterior”

Terceira.- Tal como se indica na comunicación remitida á Deputación Provincial, dita cantidade é a mesma que xa acordaron nos plenos as deputacións provinciais, no caso da Deputación Provincial de Lugo, o Pleno, na sesión ordinaria, de data de 31 de xullo de 2024 sendo a contía global setecentos dezaseis mil cincocentos cincuenta e tres euros con noventa e oito céntimos (716.553,98 €) pero agora unha parte procede de XESTUR S.A catrocentos sesenta mil corenta e catro euros con oitenta céntimos (460.044,80 €),e a outra de VIPUGAL, douscentos cincuenta e seis mil cincocentos nove euros con dezaioito céntimos (256.509,18 €),non alterándose a contía global a devolver a cada Deputación polo seu capital social.”

De acordo co exposto e visto o informe emitido pola Intervención Provincial, en data de 21 de maio de 2025, baixo o CSV: IV7S3SILJYVKXBN27UQF6HZXKU, proponse á Xunta de Goberno:

1º.- Aprobar a división do abono das accións da Deputación Provincial de Lugo na mercantil Xestión do Solo de Galicia- XESTUR S.A, en execución do acordo adoptado polo Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria de data de 30 de xullo de 2024, de aprobación das condicións de redución do capital social da mercantil Xestión de Solo de Galicia - XESTUR S.A coa devolución do capital da Deputación Provincial de Lugo, do seguinte modo:

Xestión do Solo de Galicia- XESTUR

TITULAR	NÚM. DE ACCIÓNS	VALOR NOMINAL	% PARTICIPACIÓN
DEPUTACIÓN DE LUGO	418 (numeradas da 18.139 á 18.556)	1.100,585647 €	0,34%

As condicións da saída do capital social serían as seguintes:

Accións a amortizar: 418 (numeradas da 18139 á 18556)

Valor nominal de cada acción: 1.100,585647 €

Valor total: catrocentos sesenta mil corenta e catro euros con oitenta céntimos (460.044,80 €)

Forma de pagamento: Mediante transferencia bancaria á CC desta Deputación número ES04 2080 0163 8531 1000 0423.

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	53/73



Sociedade de Vivenda Pública de Galicia S.A – VIPUGAL.

TITULAR	NÚM. DE ACCIÓNS	VALOR NOMINAL	% PARTICIPACIÓN
DEPUTACIÓN DE LUGO	418 (numeradas da 121.377 á 121.794)	613,658333 €	0,2355%

As condicións da saída do capital social serían as seguintes:

Accións a amortizar: 418 (numeradas da 121.377 á 121.794)

Valor nominal de cada acción: 613,658333 €

Valor total: douscentos cincuenta e seis mil cincocentos nove euros con dezaioito céntimos (256.509,18 €)

Forma de pagamento: Mediante transferencia bancaria á CC desta Deputación número ES04 2080 0163 8531 1000 0423.

2º.- Este acordo será aplicable aos efectos de poder acordar a saída do accionariado desta Deputación na Xunta Xeral de accionistas de Xestión do Solo de Galicia- XESTUR S.A e da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia S.A- VIPUGAL, que se celebre no seu día, mediante a correspondente redución de capital e a devolución das cantidades indicadas no punto anterior á Deputación Provincial de Lugo.

3º.- Trasladar o presente acordo ao consello de Administración da sociedade Xestión do Solo de Galicia- XESTUR S.A. e ao ao consello de Administración da sociedade Sociedade de Vivenda Pública de Galicia S.A- VIPUGAL aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO PARA O ALLEAMENTO DO ÚNICO LOTE DE PARCELAS, PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, SITAS NO LUGAR DE ADEGA, SAN FACUNDO DE RIBAS DO MIÑO, NO CONCELLO DE PARADELA, MEDIANTE POXA.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión ordinaria, celebrada o día 21 de marzo de 2025, aprobou iniciar a tramitación do procedemento para o alleamento de único lote de parcelas, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, sitas no lugar de Adega, en San Facundo de Ribas de Miño, no Concello de Paradelas, mediante poxa, así como aprobar o prego de cláusulas administrativas que rexerán este procedemento e proceder á publicación das bases reguladoras do presente procedemento de alleamento.

O prego de cláusulas administrativas, reitor do procedemento para o alleamento de único lote de parcelas , propiedade da Deputación Provincial de Lugo, sitas no lugar

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	54/73





de Adegas, en San Facundo de Ribas de Miño, no Concello de Paradela, mediante poxa, foi publicado na plataforma de Contratación do Sector Público en data de 25 de marzo de 2025.

Polo exposto e vista das Actas da reunión da Mesa de Valoración, celebradas en data de 22 de abril de 2025, con CSV: IV7S6CHMZAWOSTXD6I6UK4KUGA e en data de 16 de maio de 2025 con CSV: IV7S2ORT3BRYLPUSCXXNGUHQNY ás que asiste a Intervención Provincial e o informe emitido pola Sección de Patrimonio, en data de 20 de maio de 2025, con CSV: I V7S2O3JLFXLVHP5CQQNEBA7FY, proponse á Xunta de Goberno:

1º.- Adjudicar o procedemento para o procedemento para o alleamento de único lote de parcelas, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, sitas no lugar de Adegas, en San Facundo de Ribas de Miño, no Concello de Paradela, mediante poxa a favor do licitador e coa oferta seguinte:

LICITADOR	IMPORTE OFERTADO
O LAR DAS VIÑAS LÓPEZ OTERO S.L	28.158,00€ sen IVE

2º.- Formalizar, mediante escritura pública de compraventa, a transmisión das titularidades das parcelas adjudicadas, ao licitador relacionado.

3º.- Realizar as anotacións pertinentes no Libro de Inventario de Bens e Dereitos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE ADJUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO PARA O ALLEAMENTO DE ÚNICO LOTE DE PARCELAS DE SOLO RÚSTICO, PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, NO CONCELLO DE ANTAS DE ULLA, MEDIANTE POXA.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión ordinaria, celebrada o día 14 de marzo de 2025, aprobou iniciar a tramitación do procedemento para o alleamento de único lote de parcelas rústicas, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Concello de Antas de Ulla, mediante poxa, así como aprobar o prego de cláusulas administrativas que rexerán este procedemento e proceder á publicación das bases reguladoras do presente procedemento de alleamento.

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	55/73



O prego de cláusulas administrativas, reitor do procedemento para o alleamento de único lote de parcelas rústicas, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Concello de Antas de Ulla, mediante poxa, foi publicado na plataforma de Contratación do Sector Público en data de 19 de marzo de 2025.

Polo exposto e vista das Actas da reunión da Mesa de Valoración, celebradas en data de 4 de abril de 2025, con CSV: IV7S4QI33BESXZP23V5GEZCTE4 e en data de 9 de maio de 2025 con CSV: IV7S2WXP7V7K3KJ5URHTMQKF6U ás que asiste a Intervención Provincial e o informe emitido pola Sección de Patrimonio, en data de 16 de maio de 2025, con CSV: IV7S24AP3AET6RPTCYWBEFBTP4 propónse á Xunta de Goberno:

1º.- Adxudicar o procedemento para o alleamento de único lote de parcelas rústicas, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Concello de Antas de Ulla, mediante poxa a favor do licitador e coa oferta seguinte:

LICITADOR	IMPORTE OFERTADO
Fundación Naiterra	101.001,00€ sen IVE

2º.- Formalizar, mediante escritura pública de compraventa, a transmisión das titularidade das parcelas adxudicada, ao licitador relacionado.

3º.- Realizar as anotacións pertinentes no Libro de Inventario de Bens e Dereitos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO PARA O ALLEAMENTO DE PARCELAS, PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN DE LUGO, NO CONCELLO DE BEGONTE, MEDIANTE POXA.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión ordinaria, celebrada o día 7 de marzo de 2025, aprobou iniciar a tramitación do procedemento para o alleamento de parcelas, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Concello de Begonte, mediante poxa, así como aprobar o prego de cláusulas administrativas que rexerán este procedemento e proceder á publicación das bases reguladoras do presente procedemento de alleamento.

O prego de cláusulas administrativas, reitor do procedemento, para o alleamento de parcelas propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Concello de Begonte, mediante poxa, foi publicado na plataforma de Contratación do Sector Público en data de 13 de marzo de 2025.

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	56/73





Polo exposto e vista a Acta da reunión da Mesa de Valoración, celebrada en data de 4 de abril de 2025, con CSV: IV7S4QI7MFVK2WRSUQPRKMX7DY, na que asiste a Intervención Provincial e o informe emitido pola Sección de Patrimonio, de data de 16 de maio de 2025, con CSV: IV7S24A2DZFTJ7P7CRYEG4CWEQ proponse á Xunta de Goberno:

1º.- Adxudicar o procedemento de alleamento de parcela de solo empresarial, propiedade da Deputación Provincial, mediante poxa, a favor do licitador e coa oferta seguinte:

LICITADOR	Nº PARCELA	IMPORTE OFERTADO	MODALIDADE DE PAGO
SAFETY CARS OCASIÓN S.L	PARCELA CM	38.820,51 € máis IVE	PAGO APRAZADO MENSUAL A 59 MESES

2º.- Formalizar, mediante escritura pública de compraventa, a transmisión das titularidade da parcela adxudicada, ao licitador relacionado.

3º.- Declarar que as parcelas que non foron adxudicadas neste procedemento e que figuran relacionadas no prego reitor do procedemento, poderán ser obxecto de alleamento, mediante adxudicación directa, polo prezo tipo que figura no citado prego.

4º.- Realizar as anotacións pertinentes no Libro de Inventario de Bens e Dereitos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS TARIFAS DE PREZOS PÚBLICOS QUE RIXEN PARA A MATRÍCULA E PARA REPETIDORES DOS CICLOS DE GRADO SUPERIOR DE PRODUCCIÓN DE AUDIOVISUAIS E ESPECTÁCULOS E DE REALIZACIÓN DE PROXECTOS AUDIOVISUAIS E ESPECTÁCULOS DO SERVIZO DE AUDIOVISUAIS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	57/73



“Visto o informe da Interventora Xeral.

Logo de ver o informe asinado pola Xefa de Servizo de Audiovisuais e do Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, emíttese o seguinte informe:
O mencionado Informe fai mención a:

“... As matrículas dos Ciclos Formativos de Grado Superior impartidos polo Servizo, dende o ano 2007, son totalmente gratuítas, agás os repetidores, a fin de que calquera alumno, por escasa que sexa a súa capacidade económica, poida obter os necesarios coñecementos sobre as materias que se imparten. Buscando o interese por parte do alumnado no aproveitamento dos coñecementos que se imparte de forma gratuíta, na sesión do Padroado celebrado o día 19 de novembro de 2012 e publicado no BOP de Lugo de 4 de xullo de 2013, acórdase que os alumnos repetidores aboen unha matrícula de 600 €.

“Visto que os cursos dos Ciclos formativos impartidos por esta Fundación son gratuítos, a fin de calquera alumno, por escasa que sexa a súa capacidade económica, poida obter os necesarios coñecementos sobre as materias que se imparten. Visto que a postura adoptada pola Fundación sobre a mencionada gratuidade ten que ter correspondencia por parte de alumno o seu interese no aproveitamento dos coñecementos que se imparten, pola Dirección da Fundación propónse que se adopte acordo no sentido de que aos que teñan que repetir curso se lles cobre unha matrícula, máis ben de carácter simbólico, de 600 €. O Padroado, co voto a favor de todos os membros asistentes, acordou prestar aprobación á proposta da que xa deixa feito méritos.”

É todo en canto proceder a informar, sobre a gratuidade da primeira matrícula e a de abono para os alumnos repetidores da tarifa sinalada e vixente, segundo o exposto, para os Ciclos de Grao Superior de Producción de Audiovisuais e espectáculos e de Realización de Proxectos Audiovisuais e Espectáculos deste servizo. ...”

A proposta é relativa á gratuidade da primeira matrícula e a de abono para os alumnos repetidores da tarifa sinalada e vixente. Do estudo do expediente non se aprecia a existencia de actos que recoñezan obrigas de contido económico polo que o expediente non está sometido a fiscalización previa.

En canto aos ingresos que puidesen xurdir no futuro, non procede a fiscalización previa de dereitos que é substituída pola toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría segundo a regulación da base 36 de execución do orzamento.

Segundo os antecedentes que obran nesta Intervención o Padroado da extinta Fundación para o desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) aprobou en sesión celebrada o día 19 de novembro de 2012 o importe da matrícula dos ciclos formativos da TIC (publicado no BOP nº 152, de 4 de

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	58/73





xullo de 2013) e nos acordos do Pleno da Deputación de Lugo e da Fundación TIC no que se aprobaba a extinción da Fundación establecíase a sucesión universal de todas as obrigas, contratos, bens e dereitos da Fundación TIC, polo que se entende que as tarifas aprobadas son de aplicación, non obstante como xa se recomendou en pasados informes, debería tramitarse expediente de importe de matrícula para a súa aprobación polos órganos competentes da Deputación de Lugo.

Vista a solicitude de aprobación da Xefa do Servizo.

Que a extinta Fundación TIC contaba cunha Escola de Imaxe e Son (CPRTIC) na que se impartían os ciclos formativos de grao superior de produción de audiovisuais e espectáculos e de realización de proxectos audiovisuais e espectáculos, autorizados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a través da Orde do 17 de decembro de 2003, publicada no DOGA do venres, 2 de xaneiro de 2004.

Coa subrogación da actividade e do persoal da Fundación TIC por parte da Deputación de Lugo, con efectos de 1 de xaneiro de 2019, creouse un novo servizo de Audiovisuais, no que se integrou a actividade e o persoal da extinta Fundación TIC cuxo obxectivo é servir de ferramenta para a formación, produción e promoción en materia audiovisual.

O procedemento de admisión do alumnado para os ciclos de grado superior é igual ao que se levaba a cabo na extinta Fundación TIC e tamén é igual ao da Xunta de Galicia.

As matrículas dos Ciclos Formativos de Grado Superior impartidos polo Servizo, dende o ano 2007, son totalmente gratuítas, agás os repetidores, a fin de que calquera alumno, por escasa que sexa a súa capacidade económica, poida obter os necesarios coñecementos sobre as materias que se imparten.

Buscando o interese por parte do alumnado no aproveitamento dos coñecementos que se imparte de forma gratuíta, na sesión do Padroado celebrado o día 19 de novembro de 2012 e publicado no BOP de Lugo de 4 de xullo de 2013, acórdase que os alumnos repetidores aboen unha matrícula de 600 €.

“Visto que os cursos dos Ciclos formativos impartidos por esta Fundación son gratuítos, a fin de calquera alumno, por escasa que sexa a súa capacidade económica, poida obter os necesarios coñecementos sobe as materias que se imparten.

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	59/73



Visto que a postura adoptada pola Fundación sobre a mencionada gratuidade ten que ter correspondencia por parte de alumno o seu interese no aproveitamento dos coñecementos que se imparten, pola Dirección da Fundación propónse que se adopte acordo no sentido de que aos que teñan que repetir curso se lles cobre unha matrícula, máis ben de carácter simbólico, de 600 €.

O Padroado, co voto a favor de todos os membros asistentes, acordou prestar aprobación á proposta da que xa deixa feito méritos.

É todo en canto proceder a informar, sobre a gratuidade da primeira matrícula e a de abono para os alumnos repetidores da tarifa sinalada e vixente, segundo o exposto, para os Ciclos de Grao Superior de Produción de Audiovisuais e espectáculos e de Realización de Proxectos Audiovisuais e Espectáculos deste servizo.

En consecuencia con todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a proposta relativa sobre a gratuidade da primeira matrícula e a de abono para os alumnos repetidores da tarifa sinalada e vixente , segundo o exposto, para os Ciclos de Grao Superior de Produción de Audiovisuais e espectáculos e de Realización de Proxectos Audiovisuais e Espectáculos deste servizo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONCESIÓN DEFINITIVA DOS PREMIOS DA CONVOCATORIA DO VIII CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “O PATRIMONIO ETNOGRÁFICO MATERIAL DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES” ANO 2025.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente:

“A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o pasado 8 de novembro de 2024 aprobou as bases e os modelos de solicitude que habían de rexer, no procedemento da Convocatoria do VIII Concurso de Fotografía “O patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses” Ano 2025. O extracto do acordo da Xunta de Goberno polo que se aproba a convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 268 do mércores 20 de novembro de 2024.

Posteriormente, na Xunta de Goberno celebrada o 17 de xaneiro de 2025, aprobouse a ampliación do prazo de solicitudes da convocatoria e bases reguladoras da VIII Edición do Concurso Fotográfico “O patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses” Ano 2025, e que o extracto do acordo polo que se aproba esta ampliación de prazo de solicitudes na convocatoria ata o 20 de febreiro de 2025, foi publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 019 do venres 24 de xaneiro de 2025.

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	60/73





De conformidade coa base 7ª “Comisión avaliadora” das Bases da convocatoria de referencia: “Constituirase unha Comisión Avaliadora que se encargará da valoración das fotografías presentadas conforme aos criterios de avaliación establecidos nas presentes bases, e formulará unha proposta á Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo a través do órgano instrutor”.

Con data 3 de abril de 2025 constitúuse a Comisión de Avaliación, para a avaliación das fotografías presentados ao VIII Concurso de Fotografía e formulación de proposta a través do órgano instrutor de concesión dos premios e de desestimación das solicitudes que figuran como tal nas listaxes que se achegan e se anexan ao expediente sen especificar valor económico, por non cumpriren os requisitos para poder ser beneficiario nesta convocatoria.

A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 11.04.2025, aprobou a concesión provisional dos tres premios do VIII Concurso de Fotografía “O patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses” no ano 2025, así como a desestimación do resto de solicitudes de acordo cos criterios reflectidos na base 8ª da convocatoria, segundo a especificación que consta na acta da Comisión de Avaliación.

Con posterioridade, o 21.04.2025 publicouse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo (nº 090) o anuncio da concesión provisional dos tres premios do VIII Concurso de Fotografía “O patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses” no ano 2025, así como a desestimación do resto de solicitudes de acordo cos criterios reflectidos na base 8ª da convocatoria, segundo a especificación que consta na acta da Comisión de Avaliación. Así mesmo o acordo de concesión provisional tamén foi obxecto de publicación na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.gal.

A partir da publicación deste anuncio no BOP concedeuse aos interesados un prazo de 10 días para presentar alegacións en relación á referida concesión provisional.

No prazo concedido ao efecto, Dª. Paula Arias Abella (con DNI ***4696**) presentou un escrito de alegacións o día 28.04.2025 (nº rex. 2025RPE006571), que de xeito literal, expón:

“Eu, Paula Arias Abella, con DNI ***4696**, presentei unha fotografía ao VIII Concurso de Fotografía "O patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	61/73



Miño e Os Ancares lucenses" co título "A alma da agua: memoria dun lavadoiro en ruínas". Dita fotografía foi excluída porque "a temática non se corresponde coa da convocatoria".

Estou en desacordo con esa resolución xa que a fotografía mostra un lavadoiro situado na zona do Cuco (ao lado do Hotel Torre de Núñez), polo que cumpre con todo o que se pedía. Nas bases indicábase que a temática era o Patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e sinalábanse os lavadoiros como elementos representativos desta temática."

No mesmo escrito, a alegante solicita: "Gustaríame que revisaran a resolución do concurso e teñen en conta as miñas alegacións. Adxunto a fotografía presentada ao concurso xunto con outra na que se mostra o lavadoiro ao completo".

O día 19.05.2025 reuniuse de novo a Comisión de Avaliación, para o estudo da alegación presentada. Na súa acta, dáse conta da aceptación da alegación presentada, considerando que a temática da fotografía presentada por D^a. Paula Arias Abella correspóndese coa temática do VIII Concurso de Fotografía "O patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses" no ano 2025, e que polo tanto, procede admitila no referido concurso e se procede a súa avaliación, cunha nova formulación de proposta a través do órgano instrutor de concesión dos premios e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación, así como, de ser o caso, a desestimación do resto de solicitudes.

Nesta convocatoria presentáronse as solicitudes de participación incluídas na listaxe que se acompañan, cuxos expedientes foron aceptados pola Comisión de Avaliación coa documentación que acompañan as solicitudes para participar na convocatoria do referido VIII Concurso Fotográfico.

Para estes efectos, achéganse os solicitantes propostos para a concesión dos tres premios recollidos na base terceira "Premios e contías" da convocatoria do VIII Concurso de Fotografía "O patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses" no ano 2025, por ser os que acadaron as tres mellores puntuacións:

Primeiro premio, dotado con 800 €:

"Arb(h)ó(r)reo: Raíces dos Ancares" de Javier Cabana Soengas
Concello do Cervantes, Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses

COMPOSICIÓN	ORIXINALIDADE	CALIDADE ESTÉTICA	TOTAL
3	4	3	10

Segundo premio, dotado con 500 €:

"Crepúsculo no río Neira" de Ana María Taboada García
Concello de Lánara, Reserva da Biosfera Terras do Miño

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	62/73





COMPOSICIÓN	ORIXINALIDADE	CALIDADE ESTÉTICA	TOTAL
3	3,5	3	9,5

Terceiro premio, dotado con 300€:

“Pota e forno de leña, tradición e patrimonio dos nosos fogares” de Iago Manoel Souto Lorenzo

Concello de Friol, Reserva da Biosfera Terras do Miño.

COMPOSICIÓN	ORIXINALIDADE	CALIDADE ESTÉTICA	TOTAL
3	4	2	9

Por todo o exposto,

O Deputado Delegado que subscribe, propón a Xunta de Goberno, en base a proposta da Comisión de Avaliación:

1º.- Estimar a alegación presentada por D^a. Paula Arias Abella (con DNI ***4696**) o día 28.04.2025, admitindo a súa fotografía presentada ao VIII Concurso de Fotografía “O patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses” no ano 2025 por corresponderse coa temática do referido concurso, e incluíndoa na listaxe de fotografías admitidas ao concurso xunto coa súa avaliación, segundo consta na acta da Comisión de Avaliación do día 19.05.2025.

2º.- Aprobar a concesión definitiva dos tres premios do VIII Concurso de Fotografía “O patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses” no ano 2025:

1º. Premio, dotado con 800,00 €, á fotografía “Arb(h)ó(r)reo: Raíces dos Ancares” de Javier Cabana Soengas con NIF ***8029**.

2º. Premio, dotado con 500,00 €, á fotografía “Crepúsculo no río Neira” de Ana María Taboada García con NIF ***7175**.

3º. Premio, dotado con 300,00 €, á fotografía “Pota e forno de leña, tradición e patrimonio dos nosos fogares” de Iago Manoel Souto Lorenzo con NIF ***2953**.

Segundo a listaxe que se anexa que especifica os criterios de valoración empregados na avaliación, así como a desestimación do resto de solicitudes, de acordo cos

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	63/73



criterios reflectidos na base 8ª da convocatoria, segundo a especificación que consta na acta da Comisión de Avaliación do día.

FOTO	TITULO FOTOGRAFÍA	NOME E APELIDOS	COMPOSICIÓN (3)	ORIXINALIDADE (4)	CALIDADE ESTÉTICA (3)	TOTAL	CAUSAS EXCLUSION SEGUNDO AS BASES
1	A sombra que acubilla ben	Serafin Rodríguez Trashorras	3	2	3	8	
2	Palloza e hórreo de casa de Baixo de Degrada	Noelia Rodríguez Pardo	1	2	2	5	
3	Non entendo	José Antonio Muñiz Besteiro				EXCLUIDA	Incumprimento base 2ª.B "Requisitos das fotografías presentadas": a temática non se corresponde coa da convocatoria
4	A ponte	Óscar Abelleira Ferreirós	2,5	1	3	6,5	
5	Sete muíños	José María Mariño Rodríguez	1,5	2	1	4,5	
FOTO	TITULO FOTOGRAFÍA	NOME E APELIDOS	COMPOSICIÓN (3)	ORIXINALIDADE (4)	CALIDADE ESTÉTICA (3)	TOTAL	CAUSAS EXCLUSION SEGUNDO AS BASES
6	Sorriso	Luis Engroba Canto				EXCLUIDA	Incumprimento base 2ª.B "Requisitos das fotografías presentadas": a temática non se corresponde coa da convocatoria
7	Arb(h)ó(r)reo: Raíces dos Ancares	Javier Cabana Soengas	3	4	3	10	
8	Carril: Repouso e Horizonte	Lola López Pérez	2	3,5	3	8,5	
9	Os Ancares: "Onde a natureza abraza a tradición"	José Luis Rodríguez Fernández	1	1,5	2	4,5	
10	Cumes de natureza e historia	Lucía Gómez Álvarez				EXCLUIDA	Incumprimento base 2ª.B "Requisitos das fotografías presentadas": a localización non se corresponde co territorio das RRBB Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses
11	Fusión	Chabeliz Reneé Quintero Valls	2	1	2	5	
12	Muíño da Fervenza	Mª Cristina Vázquez Pita	3	1,5	3	7,5	
13	Pota e forno de leña, tradición e patrimonio dos nosos fogares	Iago Manoel Souto Lorenzo	3	4	2	9	
14	Os hórreos, gardiáns da nosa colleita e tradición	Ana Gómez Ferreira	1	1	3	5	
15	Piornedo	Mónica Vila Ferreirós	2,5	2	2	6,5	
16	Muíño da Fervenza	Gaspar González Somoza	3	2	1	6	
17	Muíño de Férvedes	Felipe Rouco Llompert	1	2	1	4	
18	A pegada pescadora dos nosos devanceiros no río Miño, que perdura ao longo do paso do tempo	Alberto Salgado Sanfiz	1,5	2	1	4,5	
19	O Muíño da Fervenza: Memorias de Auga e Pedra	Sergio Salgado Sanfiz	2	1	1,5	4,5	

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	64/73





20	Reflexos na quietude do Miño: o caneiro, a pedra e a auga en harmonía	Clara Fernández Sande	1,5	2	2	5,5	
21	Eco de pedra e auga: memoria ancestral no leito do Miño	Alberto Julio Salgado Díaz	1	1	1	3	
22	Pedras con memoria: ecos do tempo nun muíño á beira do Miño	María Josefa Sanfiz Romay	2	2	1	5	
23	Piornedo	Rodrigo Díaz López	2	1	3	6	
FOTO	TÍTULO FOTOGRAFÍA	NOME E APELIDOS	COMPOSICIÓN (3)	ORIXINALIDADE (4)	CALIDADE ESTÉTICA (3)	TOTAL	CAUSAS EXCLUSION SEGUNDO AS BASES
24	O carballo fonte de vida e da enraización	Julia Barreira Zorrilla				EXCLUIDA	Incumplimento base 2ª.B "Requisitos das fotografías presentadas": a temática non se corresponde coa da convocatoria
25	Crepúsculo no río Neira	Ana María Taboada García	3	3,5	3	9,5	
26	Rostro de pedra, alma de fonte	Miguel Anxo Martínez Neira	1	1,5	1	3,5	
27	A cedeira: Gardiá da Biosfera	Rafael Caña Amador				EXCLUIDA	Incumplimento base 2ª.B "Requisitos das fotografías presentadas": a temática non se corresponde coa da convocatoria e a localización non se corresponde co territorio das Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses
28	Recunchos	Carmen Blanco Purriños	2	2	1	5	
29	A alma da auga: memoria dun lavadoiro en ruínas	Paula Arias Abella	1	1	1	3	
30	Vedado de pesca	Isaac Alejandro Fernández Hevia				EXCLUIDA	Incumplimento base 2ª.B "Requisitos das fotografías presentadas": a temática non se corresponde coa da convocatoria
31	Memoria dun pobo: pedra, madeira e palla	José Luis Bermudez Salinas	2	2	3	7	
32	As cores da natureza	Maitane Fernández Núñez	2	1	3	6	
33	Feitizo	Iván Díaz Quiroga	2	2	1	5	

3º.- Notificar o presente acordo de concesión definitiva aos interesados de acordo co previsto na base novena da convocatoria, mediante a publicación do citado acordo de concesión definitiva no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.gal para o seu coñecemento e efectos oportunos."

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	65/73



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO GASTO, DA CONVOCATORIA E DAS BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DOS PREMIOS “LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE”, DO “PREMIO TURISMO SOSTIBLE” E DOS PREMIOS “...E PARA COMER, LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE” PARA A ANUALIDADE 2025.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto o Informe do Servizo de Turismo no que pon de manifesto a necesidade de aprobar as bases e proceder á convocatoria dos premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”, do “Premio Turismo Sostible” e dos Premios “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense”.

Vista a existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente.

Visto o informe da Sección de Fomento.

Visto o informe de Intervención.

Tendo en conta os antecedentes expostos, a Deputada Delegada que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o gasto correspondente á convocatoria dos Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”, do “Premio Turismo Sostible” e dos Premios “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense” para a anualidade 2025 por un importe de 5.000 euros IVE engadido co seguinte desglose:

Adquisición de diplomas acreditativos e agasallos de carácter simbólico, que na anualidade 2025 serán pezas de artesanía da provincia de Lugo: 2.000 € IVE engadido.

Gastos de organización da entrega dos premios: 3.000 euros IVE engadido.

2º.- Aprobar a convocatoria e as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrència competitiva, dos Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”, do “Premio Turismo Sostible” e dos Premios “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense” para anualidade 2025.

3º.- Aprobar a publicación da convocatoria e das bases reguladoras dos premios no Boletín Oficial da Provincia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	66/73





15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA PARTICIPAR NA MOSTRA ARTESANFROILÁN.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Xefe de Sección I do Centro de Artesanía e Deseño, o cal di:

Que a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica a través do Centro de Artesanía e Deseño, ten entre as súas competencias as de contribuír á difusión, promoción e coñecemento da artesanía en todas as súas vertentes e á realización de actividades, accións e desenvolvemento de iniciativas de difusión e extensión á sociedade de todas aquelas manifestacións e creacións que engloba dito concepto de “artesanía”, entendido como accións inseridas dentro da bagaxe cultural dun pobo e da súa cultura tradicional, nas súas diferentes perspectivas e interpretacións, vinculadas ao devir histórico do pobo galego na súa caracterización pasada e na súa aposta de futuro e que forman parte do noso patrimonio cultural.

En relación con todo elo, o Centro de Artesanía e Deseño ten prevista a organización dunha mostra de artesanía que dá resposta a dito compromiso de promoción da artesanía.

De acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).

Asemade, salientar a regulación recollida no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, en canto determina aqueles supostos que non consideran como o exercicio de novas

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	67/73



competencias, precisando entre outros a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, etc.

Esta mesma Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no art. 118, sobre o fomento e administración dos intereses peculiares da Provincia, sinala que corresponde a Provincia rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos e, en especial, a organización de concursos e exposicións e de calquera actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Polo anteriormente exposto considero procedente a aprobación das:

Bases e os seus Anexos que teñen como obxecto regular e establecer as condicións para a inscrición e admisión dos obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, para participar na mostra Artesanfroilán de artesanía da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica.

Polo cal, propono á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobación das bases e os seus Anexos, que teñen como obxecto establecer as condicións para a inscrición e admisión dos obradoiros artesáns da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, para participar na mostra Artesanfroilán de artesanía da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica.

2º.- Aprobación da non aplicación de prezos públicos dadas as consecuencias excepcionais e así paliar os efectos da crise sanitaria do Covid-19 no Sector.

3º.- Ordenar a publicación das bases e os seus Anexos no Boletín Oficial da Provincia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA PARTICIPAR NO MERCADO DE NADAL.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Xefe de Sección I do Centro de Artesanía e Deseño, o cal di:

Que a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica a través do Centro de Artesanía e Deseño, ten entre as súas competencias as de contribuír á difusión, promoción e coñecemento da artesanía en todas as súas vertentes e á realización de actividades, accións e desenvolvemento de iniciativas de difusión e extensión á sociedade de todas aquelas manifestacións e creacións que engloba dito concepto de “Artesanía”, entendido como accións inseridas dentro da bagaxe cultural dun pobo e

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	68/73





da súa cultura tradicional, nas súas diferentes perspectivas e interpretacións, vinculadas ao devir histórico do pobo galego na súa caracterización pasada e na súa aposta de futuro e que forman parte do noso patrimonio cultural.

En relación con todo elo, o Centro de Artesanía e Deseño ten previsto organizar un Mercado de Nadal que cumpra con dito compromiso de promoción da artesanía.

De acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).

Asemade, salientar a regulación recollida no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, en canto determina aqueles supostos que non consideran como o exercicio de novas competencias, precisando entre outros a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, etc.

Esta mesma Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no art. 118, sobre o fomento e administración dos intereses peculiares da Provincia, sinala que corresponde a Provincia rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos e, en especial, a organización de concursos e exposicións e de calquera actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Polo anteriormente exposto considero procedente a aprobación das:

Bases e anexos da convocatoria para a inscrición e admisión dos obradoiros artesanís da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación da provincia de Lugo, para participar no Mercado de Nadal.

Polo cal, propono á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	69/73



1º.- Aprobación das bases e os seus Anexos, que teñen como obxecto establecer as condicións de participación dos obradoiros artesanais da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación da provincia de Lugo no Mercado de Nadal organizado pola Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo.

2º.- Aprobación a non aplicación de prezos públicos, e o acceso de balde a participar no Mercado de Nadal aos obradoiros artesanais da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación seleccionados, dadas as circunstancias excepcionais e para paliar os efectos da crise sanitaria do Covid-19 no Sector.

3º.- Ordenar a publicación das bases e anexos da convocatoria para a inscrición e admisión dos obradoiros artesanais da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia e obradoiros de alimentación da provincia de Lugo, para participar no Mercado de Nadal da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo no Boletín Oficial da Provincia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DE SUBVENCIONES EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DENTRO DO PROGRAMA “DA ESCOLA Á GRANXA” NA ANUALIDADE 2024.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Renuncias a subvencións, en réxime abreviado de concorrência competitiva, para apoiar a organización de visitas, por parte das ANPAS dos centros de educación infantil e primaria provinciais, ás granxas e explotacións agropecuarias da provincia de Lugo, e actividades asociadas ás mesmas, na execución do Programa “Da escola á granxa”, na anualidade 2024.

I. O 18 de xuño de 2024 foi publicada no BOP resolución definitiva de concesión das subvencións, en réxime abreviado de concorrência competitiva, para apoiar a organización de visitas, por parte das ANPAS dos centros de educación infantil e primaria provinciais, ás granxas e explotacións agropecuarias da provincia de Lugo, e actividades asociadas ás mesmas, na execución do Programa “Da escola á granxa”, na anualidade 2024; resultando beneficiarias, entre outras, co obxecto e polos importes que se describen:

BENEFICIARIA	OBJECTO	IMPORTE
APA de la agrupación escolar de Bretoña de Pastoriza	Visita a Daveiga	855,00 €
APA colegio público de Meira	Visita a Arqueixal	900,00 €
APA y ex-alumnos de S. José de Calasanz de Quiroga	Visita a Casa da Fonte	900,00 €

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	70/73





Asociación de pais de alumnos O Cantel do colegio público EXB N2 de Foz	Visita a Avicava Natur	866,50 €
Asociación de pais de alumnos O Cantel do colegio público EXB N2 de Foz	Visita a Avicava Natur	866,50 €

II. Os días 16 de outubro de 2024, 5 de febreiro, 12 e 13 de maio de 2025, foron recibidos, no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade, escritos dos representantes das beneficiarias citadas, renunciando ás subvencións que se indican na táboa do apartado anterior.

III. Á vista dos ditos escritos de renuncia, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, informouse favorablemente a súa aceptación e a conclusión dos procedementos relativos ás devanditas subvencións.

Polo exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se acorde:

1º.- Aceptar as renuncias ás subvencións outorgadas, no seo do Programa “Da escola á granxa”, anualidade 2024, ás entidades, cos obxectos e polos importes seguintes:

ENTIDADE QUE PRESENTOU A RENUNCIA	OBXECTO	IMPORTE
APA de la agrupación escolar de Bretoña de Pastoriza	Visita a Daveiga	855,00 €
APA colegio público de Meira	Visita a Arqueixal	900,00 €
APA y ex-alumnos de S. José de Calasanz de Quiroga	Visita a Casa da Fonte	900,00 €
Asociación de pais de alumnos O Cantel do colegio público EXB N2 de Foz	Visita a Avicava Natur	866,50 €
Asociación de pais de alumnos O Cantel do colegio público EXB N2 de Foz	Visita a Avicava Natur	866,50 €

2º.- Declarar conclusos os procedementos relativos ás citadas subvencións.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- CONTA E CUMPRIMENTO DA SENTENZA Nº 134/2025.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“No Procedemento Abreviado nº 300/2024-A seguido a instancia de Dna. María Ángeles López Lago fronte á desestimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada pola recorrente en data 13-03-2024 polos danos ocasionados no vehículo marca Peugeot 207 matrícula 0304GNF cando circulaba pola estrada LU-P 4701, Kilómetro 3.444, o Xulgado do

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	71/73



Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo ditou a Sentenza nº 134/2025 de data 5 de maio de 2025, cuxo fallo é o seguinte:

- "1. Debo estimar y estimo la demanda presentada por doña María Ángeles López Lago frente a la Diputación Provincial de Lugo y declaro contraria a Derecho y anulo la resolución recurrida.*
- 2. Como reconocimiento de la situación jurídica individualizada condeno a la Diputación Provincial a indemnizar a la demandante en la cantidad actualizada de - 2.798,69- euros.*
- 3. Las costas de la instancia se imponen a la Diputacion Provincial, fijando el importe a pagar por todos los conceptos en -300- euros.*
- 4. La presente resolución es firme".*

No devandito procedemento a entidade aseguradora da Deputación Provincial de Lugo non compareceu, pese a constar no expediente administrativo o seu emprazamento.

Tendo en conta que a Deputación Provincial de Lugo ten contratado un seguro de responsabilidade civil xeral no que se indica que a franquía máxima aplicable por sinistro será de 300 euros, e constando certificación sobre a existencia de crédito suficiente para o aboamento da devandita cantidade comunicada polo Servizo de Intervención.

Visto o anterior, á Xunta de Goberno propónse a adopción do seguinte acordo:

1º.- Darse por enterada do contido da resolución xudicial.

2º.- O cumprimento da devandita Sentenza nos termos contidos no seu fallo.

3º.- Que se autorice o ingreso da cantidade de 300 euros en concepto de franquía na conta de consignacións do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo cos seguintes datos:

Nº de conta: ES55 0049 3569 9200 0500 1274.

Concepto: 4178000094030024.

Observacións: pago franquía.

4º.- Que polo servizo xestor da Deputación encargado da tramitación do expediente administrativo se proceda a comunicar á entidade aseguradora a resolución xudicial para que procedan ao pago da cantidade obxecto de condear, agás a franquía que debe aboar a Deputación Provincial de Lugo."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY	Página	72/73





19.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

20.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

	IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY		Fecha y Hora	29/05/2025 12:59:41	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SECPN3YF272O765HQ4LSULY		Página	73/73	